

O IRPF irrompe nas eleccións uruguaias

Description

As diferencias entre as expectativas dos candidatos Vázquez e Battle son mínimas. As últimas enquisas publicadas polo xornal *El País* dan como resultado un empate técnico polo que os responsables de campaña ensaian as últimas estratexias.

Os oficialistas colorados dan por esgotada a campaña do medo á inestabilidade marxista que traería unha victoria de Tabaré Vázquez e céntranse en atacar ao EP-FA por pretender implantar o IRPF (Imposto sobre o Rendemento das Persoas Físicas). Mentres o Frente Amplio ten previsto para o día de hoxe 100.000 reunións para captar aos posibles electores indecisos.

Os reponsables da campaña colorada saben que o acordo cos *Blancos* non terá coma resultado a suma dos votos obtidos por ambas formacións o 31 de outubro, polo que ensaian novas tácticas para asegurar a victoria e semellan ter atopado un bo filón.

O tema da ameaza marxista xa está esgotado. Poucos uruguaios pensan que Vázquez sexa un irresponsable que leve o país cara a inestabilidade, máis ben consideran que os últimos gobernos colorados e brancos son os causantes do clima de inestabilidade e inseguridade que viven.

Dende que comezou a campaña para a segunda volta, difúndense anuncios en xornais, radio e vallas publicitarias sobre a perversidade do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, con abundantes e insaciabes inspectores de facenda. Sobre este imposto cae unha inmensa batería das máis variadas acusacións: será un imposto que acabe coa clase media uruguia. Favorecerá aos ricos. Un tercio dos xubilados pagarán máis. Non existe unha capacidade e estrutura adecuada na administración uruguia para por en marcha este imposto. Os máis poderosos poderán evadir impostos con máis facilidade. Non se pode aceptar unha intromisión do Estado na vida privada dos uruguaios coma son seus ingresos anuais, o IRPF xa fracasou co Partido Nacional e foi abolido coa dictadura...

Na ringleiras do EP-FA recoñecen que a campaña contra do IRPF tenlles mordido no electorado indeciso que potencialmente podería terse inclinado polo cambio e esfórzanse nas contraargumentacións. Os actuais impostos do IVA e o IMESI non teñen en conta a diferenza de ingresos. Os actuais impostos favorecen aos rendistas. O IRPF non se aplicará aos depósitos bancarios nin aos seus intereses. Queremos mudar o actual sistema tributario por outro que repartan máis xustamente as cargas tributarias. Co IRPF só un de cada dez persoas pagarán máis (aquelas que gañen máis de 50.000 pesos). O 80% dos xubilados pagarán menos. Uruguai terá que reducir o IVA no Mercosur xa que é o máis alto do espazo económico...

Os uruguaios prepáranse para o *balotage* do domingo. Este estrano vocábulo que fixo sorte no Uruguai ven do termo francés *Balloter* no que os electores utilizaban unha boliña (Balota) para optar entre as dúas opcións máis votadas.

A sete días da 2ª volta o xornal oficialista *El País* sutúa a Battle do 45% da intención de voto e a Vázquez co 42%. Hai unha semana a diferenza era dun só punto. Cecaís o razonable medo cidadán aos impostos teña feito o seu efecto.

O centro esquerda pensa contratar na noite de hoxe con 100.000 reunións paralelas, a maioría nas casas dos militantes, para que tentar captar os indecisos e conqueir un cambio histórico nas eleccións uruguaias.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 23, 1999

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 1999-11-23 00:00:00